



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Webinario 1. Simplificación administrativa e revisión crítica dos procedementos de xestión.

CONVOCATORIA: Webinario 1. Simplificación administrativa e revisión crítica dos procedementos de xestión.

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	2
ADMINISTRACIÓN:	AU LO	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2023
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEPRESENZA	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 24/04/2023 - 09:00h ao 02/05/2023 - 23:59h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O obxectivo destas actividades é analizar o contexto normativo, de funcionamento e organizativo existente na actualidade para aplicar as mellores prácticas na xestión pública orientada á reactivación económica, cun enfoque práctico e aplicativo.

Ao longo do presente ciclo examinaranse as principais liñas de simplificación e redución de cargas administrativas, as posibilidades que ofrece o marco regulatorio autonómico e o papel que poden desenvolver as entidades locais no proceso, dando a coñecer as iniciativas máis destacadas para o aliñamento na actuación das distintas administracións con competencias na materia.

DESTINATARIOS

Esta actividade está dirixida ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega, das súas entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, así como ao persoal empregado público da Administración local de Galicia.

PROGRAMA

Contidos do webinario 1:

- As políticas europeas de mellora regulatoria e regulación intelixente (Better and Smart Regulation) e a súa interiorización en Galicia.
- Posibilidades no ámbito local para a revisión crítica de procedementos en clave de redución de cargas administrativas.
- Simplificación e automatización na xestión pública: a Administración electrónica como panca de cambio.
- Instrumentos autonómicos para facilitar o acceso ás actividades de servizos e ao desenvolvemento económico: proxección nas entidades locais.
- A iniciativa galega de concellos emprendedores e a figura das Iniciativas empresariais prioritarias: oportunidades e vantaxes.
- A necesaria coordinación entre as diferentes administracións públicas na tramitación de procedementos complexos.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A admisión levarase a cabo de acordo co indicado para as persoas destinatarias na base terceira da convocatoria. A orde de admisión virá determinada pola data e a hora de presentación das solicitudes ata completar o número de prazas.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade, todas as persoas deberán introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo co establecido na base terceira da convocatoria respecto das persoas destinatarias.

As persoas interesadas deberán seleccionar primeiro a área en que está integrada esta actividade (réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas) e despois seleccionar o nome do curso: Webinario 1. Simplificación administrativa e revisión crítica dos procedementos de xestión.

3. DATOS EDICIÓNS

TELEPRESENZA

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN

INICIO / FIN: 08/05/2023 a 08/05/2023

NUM. PRAZAS: 100

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

M^a CONCEPCION CAMPOS ACUÑA

LUGAR DE REALIZACIÓN

Sala telepresenza: O día 08 de maio de 09:00 a 11:00. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>

Sala telepresenza: O día 08 de maio de 09:00 a 11:00. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>